

PROPOSTA CAMPACOLE NADAL 2022

INTRODUCCIÓN

A Federación Provincial de ANPAS, co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias nos períodos non lectivos, oferta unha proposta de lecer baixo o formato de campamento urbano, para o período de vacacións de nadal no presente curso 2022-23.

O obxectivo do mesmo é cubrir a nivel pedagóxico este tempo de lecer con contidos, valores e actitudes desexables nos escolares dende una perspectiva lúdica, facilitando ao tempo, a conciliación da vida laboral, social e familiar.

Esta proposta enmárcase dentro do convenio de ocio suscrito pola Federación Provincial de ANPAS co Concello da Coruña.

DESCRIÓN E TEMÁTICA

As actividades que se programan para o campacole abranguen diferentes áreas de contidos, polo que terán un carácter multidisciplinar, permitindo así realizar actividades moi variadas, coma propostas de animación á lectura, xogos de enxeño, actividade motriz, musicais, etc. Todas elas interrelacionadas a través do plantexamento dun fío conductor.

Baixo o nome de “**NADAL POLO MUNDO**” achegaremos aos nenos e nenas ás diferentes celebracións do Nadal que se fan noutros lugares do mundo, coñecendo, valorando e disfrutando doutras costumes e tradicións que aínda que non son coma as nosas, manteñen un nexo común: a maxia e a ilusión.

A temática está directamente relacionada coa multiculturalidade e diversidade. Aínda que a educación en valores debe ter unha presenza importante, continuada e transversal ao longo de todo o ano, nestas datas, se cabe, debería ter unha maior relevancia.

ESTRUTURA DO CAMPACOLE. Datas, horario e servizos.

O campacole levarase a cabo nas seguintes datas e horario:

DÍAS: Do 26 ao 30 de decembro do 2022 e do 2 ao 5 de xaneiro de 2023.

HORARIO: De 10:00 a 14:00 h. Este horario poderase ampliar cos seguintes servizos:

- **MADRUGADORES** (con ou sen almorzo): A partires das 8:30 h.
- **COMEDOR:** Dende as 14:00 até as 15:30h. (coa posibilidade de saír dende ás 15:00 h.)

DESTINATARIOS

Os destinatarios será o alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria dos CEIPs públicos do Concello da Coruña.

SEDES/CENTROS:

- **CEIP Juan Fernández Latorre**
- **CEIP María Barbeito**
- **CEIP San Francisco Javier**
- **CEIP San Pedro de Visma**

PRAZAS

O máximo total de prazas será de 45 participantes en cada centro/sede, distribuídos en 3 grupos por tramos de idade.

O mínimo de inscritos para comenar a actividade de campacole será de 15 escolares.

Nos servizos de madrugadores e comedor, precisaranse un mínimo de 10 escolares.

INSCRICIÓNS

O procedemento e período de inscrición será o seguinte:

- **PREINSCRICIÓN:** Do 12 ao 14 de decembro no formulario en liña na seguinte ligazón www.fedapascoruna.org/inscripciones

- **ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:** Farase mediante **SORTEO PÚBLICO** o 15 de decembro ás 10:30 na sede da Fed. Prov. de ANPAS. R/Orzán, 21

O sorteo marcará a letra a partir da cal, por orden de apelidos, adxudicaránse as prazas disponibles en todas as sedes.

- **PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS:** O 16 de decembro publicarase a listaxe de admitidos e a listaxe de agarda na web www.fedapascoruna.org, 010 e na web municipal.

- **ABONO DA COTA E ENVÍO DO XUSTIFICANTE DE ABONO:** ata o 20 de decembro, por transferencia bancaria no seguinte nº de conta: ES37 2100 6359 5802 0006 1816 e enviar o xustificante de pago, indicando o nome do escolar, ao seguinte enderezo electrónico: campacoles@fedapascoruna.org. No caso de non enviar o xustificante de abono da cota no prazo indicado, adxudicarase a súa praza ao solicitante que corresponda na listaxe de agarda.

- **XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA:** A partir do 21 de decembro. Esta xestión será telefónica e farase directamente coas familias implicadas.

COTAS

As cotas serán as seguintes:

- CAMPACOLE: 30 € por participante*.
- MADRUGADORES SEN ALMORZO: 18 € por participante.
- MADRUGADORES CON ALMORZO: 30 € por participante.
- COMEDOR: 40 € por participante
- SEGURO DE ACCIDENTES: 4 € por participante**.

**Estarán exentos da cota de "Campacole Nadal 22" (30€) os participantes que xustifiquen ter a beca comedor para o curso 2022/23.*

***Estarán exentos do pago do seguro de accidentes aqueles solicitantes que se matricularan en calqueira programa ofertado pola Federación de ANPAS no curso 2022/23. ("Cóxegas", "Deporte no Centro", "Arte e Cultura no Centro" ou "Idiomas no centro.")*

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, INFORMACIÓN XERAL E RECOMENDACIÓN

- O criterio de adjudicación das prazas será por orden alfabético do primeiro apelido do escolar a partir de a letra seleccionada no sorteo.
- Soamente se poderá presentar unha preinscrición por menor, en caso contrario anularanse todas.
- Aconséllase descargar o formulario cuberto despois de telo enviado, para así poder comprobar que os datos en calquera momento.
- O mínimo de inscritos para comezar a actividade de campacole será de 15 escolares.
- Nos servizos de madrugadores e comedor, precisarase un mínimo de 10 escolares.
- DEVOLUCIÓN (esto es lo que se indicaba el año pasado en el formulario)
As devolucións das cotas de campamento e madrugadores (sen almorzo) só se farán nos seguintes casos:
 - 1. Non chegar ao mínimo para a formación do grupo.
 - 2. No caso de renuncia por causa de forza maior antes do inicio da actividade (enfermidade, lesión), sempre que esté debidamente xustificado.
- BENEFICIARIOS DA BECA DE COMEDOR: Estarán exentos da cota de campacole (30 €) os participantes que xustifiquen ter a beca comedor para o curso 2022/23. No caso de ser aceptados pola orde do sorteo, deberán confirmar a aceptación da praza mediante o envío dun email a: campacoles@fedapasacoruna.org. De non facelo entenderase que renuncian á praza
- Estarán exentos do pago do seguro de accidentes aqueles solicitantes que se matricularan en calquera programa ofertado pola Federación de ANPAS no presente curso 2022/23. (“Cóxegas”, “Deporte no Centro”, “Arte e Cultura no Centro” ou “Idiomas no Centro”).
 - No caso de estar admitido e non enviar o xustificante do abono da cota no prazo indicado, adjudicarase a praza ao solicitante que corresponda na listaxe de agarda.
 - Non serán admitidos aqueles escolares que non estén ao corrente do pago nos distintos programas xestionados pola Federación de ANPAS.

INDICACIÓNS ÁS FAMILIAS

- A media mañá haberá unha parada para a merenda, entre as 12:00 e 12:20 h. aproximadamente, que os participantes traerán da súa casa.
- Recoméndase levar roupa e calzado cómodo e axeitado ás actividades.
- Non se poden levar aparellos electrónicos, videoconsolas, móbiles, cartos ou obxectos de valor. A organización non se fará responsable das perdas que poidan producirse durante o campamento
- É aconsellable que non asistan ao campacole os escolares que teñan enfermidades contaxiosas ou que presenten algún dos seguintes síntomas: febre, vómitos, diarrea, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións, piollos ou liendres...
- Os educadores non realizarán funcións de carácter hixiénico-sanitarias.

INSTALACIÓNS E RECURSOS MATERIAIS

A realización dos campacoles supón a apertura dos centros escolares en períodos vacacionais, o que require unha solicitude formal por parte das ANPAS e da Federación á dirección do centro escolar para a súa aprobación en Consello escolar. O cumprimento deste trámite é requisito previo para optar a ser sede dun campacole.

Os espazos que se precisarán serán os seguintes:

- Un aula por grupo constituido.
- Un espazo amplo e cuberto para a realización de actividades de movemento, tipo salón de actos ou ximnasio.
- Comedor.

O campamento inclúe a dotación do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades. Tamén se contará cun servizo de limpeza, por tratarse dun período vacacional no que os centros escolares están pechados e polo tanto non se dispón nin de conserxe nin de persoal de limpeza.

COMPETENCIAS DA FEDERACIÓN

As competencias da Federación Provincial de ANPAS como entidade organizadora son as seguintes:

- Dotación do material necesario para a realización das actividades.
- Servizo de limpeza das instalacións utilizadas.
- Seguro de accidentes aos participantes.
- Seguro de responsabilidade civil
- Apertura e peche das instalacións empregadas.
- A Federación asumirá o custo da reparación ou substitución dos materiais deteriorados no desenvolvemento da actividade.